



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E O CONCELLO DE A CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DURANTE O ANO 2021 DE PARTE DOS GASTOS CORRENTES DA ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

Dunha parte, Román Rodríguez González, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade para o que foi nomeado polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro de 2020, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, así como o artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Doutra, Inés Rey García, na súa condición de Alcaldesa do Concello de A Coruña, CIF P6503001G, actuando en nome e representación da entidade e tamén en calidade de presidenta do Consorcio para a Promoción da Música actuando en nome e representación de ambas entidades.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio de colaboración e, polo tanto,

EXPOÑEN:

Primeiro. Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito de competencias, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura e para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

Segundo. Que o Concello da Coruña e Amigos da Ópera constituíron no ano 1991 o Consorcio para la promoción de la Música, encargado da xestión directa da Orquestra Sinfónica de Galicia e que ten por obxecto difundir a música mediante actuacións da citada orquestra e a realización de gravacións e transmisións por radio, televisión e outros medios de comunicación, así como a promoción de toda clase de actividades musicais, a través da colaboración con agrupacións, organismos e institucións nacionais ou estranxeiras.





Terceiro. Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio cultural galego. Mediante a programación das actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, desenvolvendo actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega. Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levados a cabo por entidades culturais que queren dar a coñecer a nosa música como parte da cultura galega, fomentando a intercomunicación na nosa lingua, entre os intérpretes e o seu público, promovendo a nosa cultura musical dentro e fóra do noso país coa organización de encontros e actividades que permitan un maior coñecemento da mesma.

Cuarto. Que o Consorcio para a Promoción da Música vén realizando un labor na xestión das actividades da Orquestra Sinfónica de Galicia que ten contribuído dun modo moi importante á difusión da música non só na Coruña e na nosa comunidade, senón tamén en España e mesmo a nivel internacional, gozando a Orquestra Sinfónica de Galicia dun ben gañado prestixio entre as máis renomeadas orquestras internacionais. O Consorcio para a Promoción da Música promove toda clase de actividades musicais: sinfónicas, operísticas, corais, sinfónico-corais, de cámara, recitais, etc., a través da colaboración con agrupacións, organismos e institucións nacionais ou estranxeiras. O consorcio xestiona directamente a Orquestra Sinfónica de Galicia e ten como obxecto: Difundir a música mediante actuacións da Orquestra Sinfónica de Galicia e a realización de gravacións e transmisións por radio, televisión u outros medios técnicos de comunicación, así como divulgar as actividades do consorcio mediante a venda de libros e revistas así como de discos, CD, DVD, vídeos e similares. A Orquestra Sinfónica de Galicia é unha das agrupacións orquestrais de maior proxección en España ademais dunha marca internacional con seguidores nos cinco continentes. A súa presenza nacional e internacional é constante, con concertos nas mellores salas en España e con varias xiras por Alemaña e Austria.

O Consorcio para a Promoción da Música, como entidade xestora da Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG), ten previsto a realización dun proxecto composto por varias actividades: estreas de vinte compositores galegos, galas extraordinarias, programas en colaboración co Centro Nacional de Difusión Musical, xiras e concertos do Coro da Orquestra Sinfónica de Galicia en igrexas, catedrais e outros espazos, gravacións, difusión e retransmisión de actividades a través de diversas plataformas virtuais.

Quinto. Para tal efecto, e dado o interese coincidente de ámbas as dúas partes, a Xunta de Galicia e o Concello de A Coruña, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións e favorecer a





continuidade desta iniciativa cultural, na que as partes asinantes teñen intereses coincidentes, subscriben o presente convenio conforme ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas para facer efectivas as achegas económicas ao Consorcio para a Promoción da Música previstas nos estados de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, para financiar parte dos gastos correntes da Orquestra Sinfónica de Galicia, tales como gastos de persoal, publicidade, alugueiros, reparacións de instrumentos musicais, gravacións de vídeos e demais gastos recollidos na memoria económica que acompaña a este convenio.

Asemade, O Concello de A Coruña actuará como entidade colaboradora, nos termos e condicións recollidos expresamente no artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen que se produza a previa entrega e distribución de fondos.

Ao abeiro do artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública por canto, como sinalamos, no estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 figura a achega económica e porque o Consorcio para la Promoción de la Música, é a entidade encargada da xestión directa da Orquestra Sinfónica de Galicia. Pola calidade artística e a dimensión nacional e internacional das súas funcións e fins aparece dende fai case tres décadas coma unha das entidades culturais máis importantes de Galicia dedicada a promover as actividades musicais da Orquestra Sinfónica de Galicia, realizando un labor de difusión da música na que se intenta fomentar a participación de todos os cidadáns a través de concertos, recitais, ensinanzas musicais e formación de espectadores. Ademais, preténdese sensibilizar e familiarizar aos xoves espectadores e sumar público a este tipo de concertos que la Orquestra celebra na nosa comunidade.

Por todo o anterior e para dar cumprimento ao establecido nos citados estados de gastos da Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, no que se recolle unha subvención a favor do Consorcio para la Promoción de la Música, é polo que se tramita este convenio, tanto polas especificidades que posúe beneficiario así como pola actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.





SEGUNDA.- Financiamento e réxime de compatibilidades

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade comprométese a aboar a cantidade de 2.475.261,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.40.432B.460.1.

Será compatible a percepción doutras axudas para o mesmo proxecto sempre que, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, non supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

TERCEIRA.- Obrigas da entidade colaboradora.

1. Facer un seguimento periódico das actividades do consorcio comprobando a realización polo beneficiario das actuacións obxecto da axuda, de conformidade coa documentación óbrante no expediente.

No suposto de incumprimento total ou parcial por parte do beneficiarios dos requisitos e obrigacións establecidas para a concesión da axuda, a entidade colaboradora poñerá en coñecemento dita situación á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, para o inicio, se procede, do procedemento conducente ao reintegro da axuda por parte do beneficiario. A fin de evitar demoras que prexudiquen tanto os intereses da Consellería como do propios beneficiario, dita comunicación efectuarase tan pronto como a entidade colaboradora teña constancia do incumprimento, ao efectuar a comprobación periódica da realización dos proxecto polo beneficiarios.

2. A presentación da documentación xustificativa do beneficiario das axudas e o certificado do seu cumprimento ou incumprimento, no seu caso, ante a Consellería de Cultura, Educación e Universidade

3. Someterse ás actuacións de comprobación que respecto da xestión dos fondos públicos poida efectuar a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Consello de Contas.

4. Reintegro dos fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigacións establecidas para a entidade colaboradora e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

CUARTA.- Obrigas do beneficiario.

O beneficiario comprométese a:

Contratar os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o axeitado desenvolvemento dos traballos, de acordo coa lexislación de contratos do sector público, na medida na que resulte de aplicación.

Executar, no prazo de vixencia do presente convenio, as actividades obxecto da mesma e non alterar o destino da achega

En todo o material gráfico e divulgativo que se realice do proxecto, incluírase a imaxe institucional da Xunta de Galicia, como entidade subvencionadora.

A efectuar a xustificación de gasto na forma preceptuada neste convenio.





O beneficiario está obrigado a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración de acordo co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O beneficiario consinte expresamente a inclusión dos datos relevantes desta subvención nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei de subvencións de Galicia.

Asemade, deberá dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

O beneficiario deberá comunicar a través da entidade colaboradora, á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

Tamén deberá acreditar estar ao corrente de pago das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

A aceptación desta subvención implica, de ser o caso, a autorización á Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e outras Normas Tributarias, e demais disposicións de aplicación.

Admitirá as inspeccións e controis que establezan os servizos técnicos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

Ademais son obrigas do beneficiario todas as establecidas polo artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia.

QUINTA: Comisión de seguimento

Noméase unha comisión mixta de seguimento e control integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.





SEXTA: Xustificación dos gastos

- a) Gastos subvencionables

Considéranse subvencionables os gastos que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de vixencia do convenio. Serán admisibles os **gastos aos que se fai referencia na cláusula primeira e que sexan realizados dende o 1 de febreiro do 2021 ata a data límite de vixencia do convenio.**

Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

De acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo máximo de xustificación.

- b) Documentación a presentar

A documentación requirida ao beneficiario na fase xustificativa presentarase pola entidade colaboradora electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia-Carpeta do cidadán da persoa beneficiaria/representante (<https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan> - código do procedemento PR004A).

Para a percepción da axuda será necesario presentar electronicamente ante a Secretaría Xeral de Cultura a seguinte documentación:

- Unha memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste acordo, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha memoria económica, asinada polo órgano competente da entidade, xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:
 - Unha relación clasificada dos gastos e investimentos, segundo o modelo que se xunta como Anexo I.
 - As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.
 - Extractos ou certificacións bancarias acreditativos do pagamento das facturas que forman parte da conta xustificativa. No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. Para gastos de escasa contía, por importes inferiores a 1.000,00 €, a xustificación do pagamento poderá realizarse mediante “recibín” do provedor, no que figure o seu nome ou razón social completo, DNI ou CIF e data de pagamento.
- Declaración de axudas percibidas ou solicitadas para este proxecto, na que se indique entidade concedente, data e importe total concedido (Anexo II).





- Declaración responsable de que se cumpren todos os requisitos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario.
- No caso de edición de material gráfico achegaranse mostras impresas.
- Dossier de prensa das actividades realizadas.

O beneficiario/representante responsabilizarase da veracidade dos documentos que presente. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

- c) Prazo para a xustificación dos investimentos

O prazo máximo para a presentación da xustificación dos investimentos coincidirá co do período de vixencia do convenio.

- d) Pagamento da subvención

O pagamento da subvención realizarase unha vez comprobada a xustificación presentada e a realización do proxecto para o cal se concedeu. O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada.

Cando se advirta un exceso de financiamento da actividade subvencionada, respecto do custo do proxecto, a consellería de Cultura, Educación e Universidade efectuará a dedución polo importe total do exceso, ata o límite da subvención outorgada por ela.

- e) Pagamentos a conta

Poderanse realizar pagamentos á conta. Os ditos pagamentos á conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, e aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada ata a porcentaxe do 80% do importe subvencionado. A contía restante, ata acadar o 100% da axuda concedida, aboarase logo de xustificar a realización das actividades subvencionadas na súa totalidade.

- f) Réxime xeral de garantías:

O beneficiario quedará exonerado da constitución de garantía, ao abeiro do artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Segundo este artigo, quedan exonerados de la constitución de garantía:

as administracións públicas, os seus organismos vinculados ou dependentes e as sociedades mercantís estatais e as fundacións do sector público estatal, así como análogas entidades de outras comunidades autónomas e das entidades locais.

- g) Efectos da falta de xustificación





Transcorrido o prazo de xustificación establecido no apartado c) da cláusula quinta, sen se ter presentado esta, a Secretaría Xeral de Cultura requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente segundo o previsto no artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A falta de presentación da xustificación dos investimentos no prazo establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009 comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención. De producirse esta situación, deberá aplicarse o disposto nos artigos 28.10 e 33 da Lei de subvencións de Galicia e, en consonancia con estes artigos, os que correspondan, de acordo co disposto nos artigos 54, 55, 56 e seguintes da dita lei.

SÉTIMA: Facultades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, non asume máis obriga que a de achegar a cantidade prevista nesta resolución. A concesión desta subvención non leva consigo por si soa relación contractual ningunha cos profesionais que realicen as actividades obxecto da mesma.

OITAVA: Período de vixencia

A vixencia deste convenio será dende o día da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2021.

NOVENA: Subcontratación e reintegro

A entidade beneficiaria poderá subcontratar totalmente a actividade. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Considérase subcontratación a concertación total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención; quedan fóra deste concepto os gastos nos que ten que incurrir a entidade para a realización de seu da actividade subvencionada.

En todo o non previsto expresamente nesta cláusula para a subcontratación, estarase ao disposto polo artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia e no artigo 43 do seu regulamento.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos polo artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Asemade, ao abeiro do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de





Contratos do Sector Público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto fora realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

DÉCIMA: Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas, e polo tanto, recibir notificacións por canles electrónicas as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa administración e os empregados das Administracións Públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal (<https://notifica.xunta.gal>). Este sistema remitirá á persoa interesada avisos da posta a disposición das notificacións ao dispositivo electrónico e/ou ao enderezo de correo electrónico que se facilite. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación por medios electrónicos entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica no fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

DÉCIMO PRIMEIRA: Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.





De acordo co establecido no artigo 30 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio comunicárase á Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO SEGUNDA: Réxime xurídico

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Ademais será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non solventadas en vía administrativa, será resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO TERCEIRA: Rescisión do acordo

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

En proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

A alcaldesa do Concello de A Coruña e Presidenta do
Consortio para a Promoción da Música

Román Rodríguez González

Inés Rey García

